

SODIGA GALICIA ACADA OS 50 ANOS DE HISTORIA, MANTÉNDOSE COMO REFERENTE PARA O DESENVOLVEMENTO E CONSOLIDACIÓN DA ECONOMÍA E INDUSTRIA DE GALICIA.

- *Sodiga Galicia constituíse o 14 de novembro de 1972, por parte do Instituto Nacional de Industria e varias entidades financeiras.*
- *En 1995 formalizouse a adquisición da sociedade por parte da Xunta de Galicia.*
- *Ao longo de 50 anos Sodiga Galicia contribuíu decisivamente á consolidación da economía e a industria galegas.*

Sodiga Galicia ten por obxecto social básico o apoio a iniciativas empresariais e industriais que impulsen o desenvolvemento económico de Galicia. Este apoio formalízase a través de participacións no capital das empresas, aínda que tamén pode instrumentalizarse mediante préstamos.

En orixe, a sociedade constituíse co nome de “Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia”, o 14 de novembro de 1972, por parte do Instituto Nacional de Industria -INI- (cun 51%) e das Caixas de Aforro de Galicia, o Banco Pastor e o Banco de Bilbao, se ben comezou a súa actividade no mes de febreiro de 1973. No ano 1995 formalizouse a adquisición da sociedade por parte da Xunta de Galicia do capital previamente titularidade do INI.

Na actualidade, e tras varias ampliacións de capital ao longo das últimas décadas, o capital de Sodiga Galicia concéntrase nun 76% en mans da Xunta de Galicia, mentres que o restante capital repártese entre Abanca, BBVA e o Banco Santander. Desta forma, Sodiga Galicia forma parte do conxunto de instrumentos dispoñibles en Galicia para o apoio de iniciativas empresariais, tales como o Instituto Galego de Promoción Económica, a Axencia Galega de Innovación ou XesGalicia (entidade que xestiona os activos de Sodiga Galicia dende o ano 1999).

Xa no seu primeiro ano de actividade, 1973, Sodiga Galicia procedeu a efectuar catro investimentos: Lácteas del Atlántico (fabricación de produtos lácteos), Proullasa (fabricación de pasta química branqueada), Refractarios de Sant-Yago (fabricación de refractarios) e Acuicultura del Atlántico (cultivo de ostra).

A lo longo dos seus 50 anos de existencia, Sodiga Galicia participou en multitude de proxectos e iniciativas en diversos sectores produtivos. Algúns dos exemplos máis notables de actividade e apoio financeiro, en función do sector de actividade, correspóndense cos seguintes:

- Industria: Facet Ibérica Poligal, Matrigalsa, Tromosal, Gamelsa, Intasa, Losán, CZVeterinaria, Urovesa, Unvi, Castrosua, Dinak, Incipresa ou Copo.
- Agroindustrial e acuicultura: Galacteum, Frinova, Insuiña, Clesa ou Quegalsa.
- Naval: Rodman, Navigasa, Barreras ou Vulcano.
- Vitivinícola: Martín Códax, Condes de Albarei ou Terras Gauda.
- Pedra natural: Graninter, Granitos Ibéricos ou Irosa.
- Enerxía: Engasa, Pemalsa ou Allarluz.
- Sociedades de garantía recíproca: AFIGAL e SOGARPO.

Para celebrar o 50º aniversario de Sodiga Galicia iniciárase un conxunto de actividades divulgativas e conmemorativas durante os vindeiros meses, tal e como a difusión das memorias de actividade das súas primeiras décadas ou a elaboración dunha publicación que mostre, con perspectiva histórica, a actividade e impacto xerado sobre a economía e industria Galegas.

Sobre XesGalicia:

XesGalicia é o brazo inversor de capital risco da Xunta de Galicia, ofrecendo apoio financeiro mediante capital ou préstamos. XesGalicia inviste a través de 4 vehículos especializados, que contan cun capital total superior aos 200 millóns de euros. [#XesGaliciaFinancia](#)

Dende fai 50 anos os investimentos de Sodiga Galicia (sociedade xestionada por parte de XesGalicia) diríxense a empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que teñan relación co desenvolvemento e consolidación da economía e industria de Galicia.